

Preto de 500.000 euros para obras en distintas parroquias de Boqueixón

O goberno do Concello de Boqueixón aprobou no pleno de maio unha modificación de crédito por preto de 500.000 euros. Segundo explica o alcalde, Manuel Fernández Munín, “decidimos utilizar parte do superávit do 2017 para poder levar a cabo varias actuacións que mellorarán a calidade de vida da nosa veciñanza. Todo grazas á boa xestión que levamos facendo dende o goberno local nos últimos anos”.

Así, investiranse un total de 484.765,40 euros a unha decena de actuacións en distintas parroquias. Estas centraranse tanto nas melloras de instalacións deportivas municipais, así como das infraestruturas viarias. Resérvanse tamén partidas para a adquisición dun camión de recollida de residuos (por 145.000 euros), e para a compra e instalación de equipamento informático (10.653,63 €).

No tocante ás infraestruturas, aprobouse un

proxecto integral de habilitación de sinalización horizontal nas vías municipais, que conta cun orzamento de 119.854,74 euros. Esta iniciativa desenvolverase con fondos propios.

A maiores deuse luz verde ás partidas correspondentes a proxectos cofinanciados pola Xunta de Galicia e a Deputación de A Coruña. Dende o Concello aportaranse máis de 85.000 euros para a construción dunha senda peonil para a seguridade viaria en Lamas; para unha actuación de saneamento na parroquia de Gastrar; para o proxecto de aglomerado da pista desde o pavillón de Lestedo á estrada vella de Milleirós, e a mellora do polideportivo de Lestedo.

Ademais, investiranse máis de 120.000 euros para arranxar as deficiencias na piscina municipal e para optimizar as pistas polideportivas das parroquias de Deseiro, Camporrapado, Codeso e Loureda.



Os proxectos aprobados contemplan arranxos en varias pistas polideportivas

Incorporación ao Refuxio de Bando

No pleno de maio tamén se aprobou a adhesión á Fundación Refuxio de Animais de Bando (Santiago). O alcalde explicou que o Concello regresa tras terse marchado no 2011, por mor da nova Lei de Benestar Animal. “Fixemos unha comparativa de prezos entre o servizo de lacería que

tiñamos contratado e o custo do Refuxio, e vimos que era máis asequible e que ofrecía todas as garantías”. Así, o Concello pasará a pagar “unha cota fixa anual de 1,6 € por habitante, que sumaría un total de 6.918 euros, e unha variable, cun custo de 34 € por animal ingresado no refuxio”.

Bonificacións fiscais para empresas que se asentem no concello

O Concello de Boqueixón aplicará, tras ser aprobadas no pleno de maio, bonificacións de ata o 95% nos impostos do IBI, ICIO e IAE para aquelas empresas que se instalen no municipio e

que, en verbas do alcalde, Manuel Fernández Munín, “fomenten a creación de postos de traballo”.

Ao mesmo tempo, dende o Concello boqueixonés “reduciranse os tempos administrativos para

informar de proxectos de obra maior, estipulándose un máximo de 30 días naturais dende a recepción de todos os informes perceptivos”. Estas medidas seguen o protocolo de actuación asinado entre

a FEGAMP e a Xunta de Galicia para poñer en marcha o proxecto Concello Doing Business Galicia.

No pleno de maio tamén se deu luz verde á adhesión do Concello á central de contratación da FEMP.



Nava Castro visitou o Pico Sacro para coñecer os traballos que se levarán a cabo

O Concello acometerá novas actuacións para poñer en valor o Pico Sacro e a súa contorna

A directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro, visitou o Pico Sacro para coñecer de primeira man as actuacións que se están a levar a cabo neste enclave dentro do plan para a súa posta en valor. No seu percorrido polo concello, no que tamén aproveitou para visitar o primeiro albergue de peregríns do municipio, estivo acompañada polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; polo delegado da Xunta de Galicia na Coruña, Ovidio Rodeiro, e polo concelleiro boqueixonés de Servizos Básicos, Jesús Sanjuás.

O rexedor explicou a Nava Castro que as próximas accións que se levarán a cabo no entorno do Pico Sacro comprenderán a habilitación dun sendeiro ata o cumio deste monte.

Ademais, procederase á integración paisaxística do depósito de auga, mediante a incorporación dunha cuberta vexetal. Deste xeito, a infraestrutura quedará harmonizada co entorno.

Paralelamente, procederase á rehabilitación do Centro de Interpretación do Pico Sacro. Esta actuación consistirá principalmente no arranxo da carpinteiría do inmovible e na renovación do espazo museístico co fin de optimizalo e fomentar meirande número de visitas ao longo do ano.

Todas estas iniciativas encádranse dentro do Plan de posta en valor do Pico Sacro e da súa contorna. A iniciativa recibiu recentemente o Premio Galicia Parabéns promovido pola Xunta, dotado con preto de 400.000 euros.

Ampliación do espazo para o parque móbil municipal

O Concello de Boqueixón está a desenvolver o acondicionamento dunha parcela situada a carón da sé de Protección Civil, xusto enfronte á Casa Consistorial. Este espazo destinarase a crear un aparcamento para o parque móbil municipal. A actuación require unha inversión de 40.000 euros.

“Decidimos levar a cabo esta actuación porque a parcela na que se atopa Protección Civil non resulta suficiente para todo o noso parque móbil. Esta actuación solucionará os actuais problemas de espazo e ofrecerá máis puntos de aparcamento para a veciñanza e visitantes que acoden a diario á Casa Consistorial”, explica o alcalde do Concello de

Boqueixón, Manuel Fernández Munín.

A primeira fase do proxecto implicou o derrube dunha vivenda que levaba varios anos en situación de abandono. A continuación, procederase ao acondicionamento da parcela, duns 1.000 m², para a creación do aparcamento. Ademais, prevese a habilitación dunha estrutura metálica na que se poderán estacionar ata 4 vehículos deixándoos resgardados. A actuación completárase co peche da parcela.

O parque móbil de Boqueixón está composto por 13 vehículos: 2, tractores, 1 pala, 3 todoterrenos, 2 pick-up, 3 furgonetas e 2 motobombas. En breve incorporárase un camión para a recollida de lixo.



Reunión co arcebispo de Santiago

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, reuniuse co arcebispo de Santiago, monseñor Julián Barrio, para tratar a ampliación da cesión da Casa Reitoral de Lestedo. O convenio correspondente asinarase en próximas datas. Ademais, estudáronse posibilidades de cesión doutros inmobles para uso social.

O Concello acomete os desbroces nas beirarrúas das parroquias

O Concello de Boqueixón está a acometer os traballos de desbroces nas cunetas das distintas parroquias do municipio. Estes traballos realízanse a través dos operarios municipais. O principal obxectivo destas tarefas é optimizar o estado das estradas municipais e facilitar a seguridade dos vehículos e viandantes que por elas transitan a diario.

As dúas desbrozadoras municipais están a traballar a dobre turno para levar a cabo estes labores coa maior celeridade posible. O desbroce completárase de xeito progresivo nas distintas parroquias do municipio.

Unha vez finalizada esta primeira fase realízase un repaso e limpeza en profundidade das cunetas.

Por outra banda, os operarios están a realizar unha limpeza en profundidade de todas as beirarrúas, tarefas que se completarán nos próximos meses nas catorce parroquias.



O tractor desbrozadora traballa a dobre turno para completar os traballos



Un dos operarios municipais realizando os labores de limpeza de beirarrúas

Madríñas e padriños das xardineiras recibirán vales para adquirir prantas

O Concello de Boqueixón continúa o seu programa de apadrinamento das xardineiras municipais coa entrega de vales de compra de prantas para incorporar ás súas respectivas xardineiras. Os vales poderanse canxear, ben por 10 prantas -petunia, begonia, tajete ou clavelina, ou 5 prantas (surfinia, verbena, geranio ou guineana).

As prantas deberán ser adquiridas nalgún dos catro viveiros que participan no programa: As Zancas Viveiros (Rodiño); Viveiros Compostela SAT (A Corna-Pousada); Xardín Compostela SL (Pazos-Lestedo) e María Josefa Sánchez Pernas (Españeira-Lamas).

Entregarase un vale por madriña/padriño. Deberanse recoller na Casa do Concello, no Departamento de Emprego, Formación e Turismo de Boqueixón. O prazo de recollida remata o día 30 de xuño.



Encontros coa veciñanza de Boqueixón, Codeso, Donas e Ledesma

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Muñín, continúa cos seus encontros coa veciñanza das distintas parroquias. No

mes de maio foi a quenda de Boqueixón, Codeso, Donas e Ponte Ledesma.

Nas distintas sesións, o rexedor estivo acompa-

ñado polo delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, e por varios concelleiros do equipo de goberno.

As últimas reunións do programa de encontros coa veciñanza terán lugar en Pousada o 1 de xuño e en Oural, o venres 8.

Máis de 320 personas no Encontro dos Nossos Maiores de Boqueixón



Carmen Mareque, de 94 anos, e Lino Rodríguez, de 92, foron homenaxeados

Máis de 320 persoas participaron no XXVII Encontro dos Nossos Maiores do Concello de Boqueixón. A cita comezou a media mañá no salón de actos do CPI Orza Couto para despois dar paso ao xantar de confraternidade no pavillón polideportivo de O Forte.

O encontro foi presidido polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, que estivo acompañado polo delegado da Xunta de Galicia na provincia da Coruña, Ovidio Rodeiro, ademais de distintos membros do goberno local e da oposición. A celebración acolleu tamén unha homenaxe aos participantes de maior

idade. Carmen Mareque Piñón, de 94 anos, e Lino Rodríguez Salgado, de 92.

O rexedor agradeceu a todos os asistentes a súa participación, un ano máis, nesta cita. “Sen vós non sería posible o éxito deste encontro. Queremos que goceades dunha xornada de lecer, de encontro e de disfrute”, afirmou.

A celebración contou tamén co sorteo dunha vintena de agasallos entre os participantes. Estes foron aportados por SBC Gasolinas e El Corte Inglés, que colaboraron no desenvolvemento da iniciativa. Entre os presentes sorteados atopáronse varios pequenos electrodomésticos.

O programa de prevención de dependencia incorpora unha terapeuta da Agadea

O programa de prevención da dependencia de Boqueixón conta dende o pasado mes cunha terapeuta ocupacional da AGADEA como apoio no desenvolvemento das súas actividades. Esta incorporación realizouse tras formalizarse un apoio de colaboración entre o Concello e a Asociación Galega de axuda aos enfermos con demencias tipo Alzheimer. Agadea asumirá o custo da terapeuta ocupacional que colaborará neste programa ata decembro.

As sesións desenvólvense no local sociocultural de Sergude os martes

e xoves de 16.30 a 19.30 horas. Para facilitar a participación, o Concello de Boqueixón proporciona un servizo de transporte, realizado pola educadora familiar e coordinadora do programa, María Pereira, dende os domicilios dos distintos participantes ata o centro.

“Na actualidade contamos con 11 participantes con idades comprendidas entre os 60 e os 90 anos. Todos eles teñen dificultades de mobilidade, cognitivas e/outras circunstancias persoais polas que precisan dun apoio terapéutico ou social”, indica María Pereira.



Unha das sesións do grupo de prevención da dependencia de Boqueixón

Adestramento sobre habilidades sociais para alumnado de Primaria

Medio centenar de alumnos e alumnas de 5º e 6º de Educación Primaria dos centros educativos de Vedra participaron en obradoiros de adestramento en habilidades sociais. Estas actividades inclúense no proxecto de prevención

de condutas adictivas, cofinanciado pola Consellería de Sanidade e coordinado polo Concello de Boqueixón.

As distintas propostas leváronse aos centros educativos de Teo, Touro, Vedra e Boqueixón.



Unha das sesións desenvolvidas nos centros educativos do concello vedrés

Comeza o ciclo 'Un mes e Pico'

O Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha o programa *Un mes e Pico, Ciclo da Mitoloxía e Sacralidade do Pico Sacro*. Este proxecto ten como meirande obxectivo poñer en valor este enclave histórico, cultural e natural con variadas propostas, todas elas de balde, que se estenderán ata o venres 29 de xuño. Esta iniciativa conta co apoio da Secretaría xeral de Política Lingüística para o seu desenvolvemento.

As propostas deron comezo o domingo 27 de maio cunha visita teatralizada ao Pico Sacro. Preto dun cento de persoas participaron nesta proposta que levaba por título *A resurrección da Raíña Lupa. Translatio do Corpo do Apóstolo*. Suso Martínez e Belén Espiñeira encarnaron á Raíña Lupa e ao discípulo do Apóstolo Santiago, Atanasio, protagonistas desta viaxe a través do tempo.

Esta actividade complementouse coa celebración da Romería do Pico de Maio, o mesmo día 27 pola mañá.

As seguintes actividades ofreceranse durante todas as fins de semana de xuño. As máis salientables e multitudinarias serán as repre-



Un intre da visita teatralizada desenvolvida no Pico Sacro e que foi protagonizada por Suso Martínez e Belén Espiñeira

sentacións do Lume Sagrado, que levarán a comitiva da Raíña celta Alda tanto ao Pico Sacro coma a Santiago.

A estas dúas sesións pódese acudir de voluntario/a para formar parte da comitiva. Os/as interesados/as deberán contactar co departamento de Turismo (981 513 061 ou en boqueixon-turismo@gmail.com).

Tamén se ofrecerán un obradoiro de observación de estrelas, conferencias, presentación dun audiovisual sobre a Raíña Lupa ata un recital de piano. Durante todo este mes pódese visitar a exposición *O Pico Sacro no Códice Calixitino*.

Programa completo de actividades

2 de xuño. Presentación do audiovisual *Raíña Lupa*, ás 19.00 horas na Capela do Pico Sacro.

9 de xuño. Conferencia de Rafael Quintía, titulada *O mito dos mouros e da Moura e a súa relación co Pico Sacro*, ás 20.00 horas na Capela do Pico Sacro.

16 de xuño. Taller de observación de estrelas, dentro do programa TODOCOSMOS, ás 23.00 horas no Pico Sacro.

17 de xuño. Cerimonia do Lume Sagrado, ás 13.00 horas no Pico Sacro.

22 de xuño. Ofrenda do Lume Sagrado en Santiago, ás 22.00 horas.

23 de xuño. Entrega do Lume Sagrado, ás 20.00 horas na Capela do Pico.

29 de xuño. Conferencia de Xurxo Lobato e recital de piano a cargo de Sofía Silva.

Alumnado do CRA Boqueixón-Vedra visitou o Centro de Interpretación

Un total de 110 alumnos e alumnas e 15 profesores do CRA Boqueixón-Vedra participaron nunha xornada de natureza e cultura, que comezou cun percorrido pola Vía da Prata entre a Ponte de Vilanova (Vedra) e o Centro de Interpretación do Pico Sacro.

Foi neste lugar onde os pequenos e pequenas gozaron dunha tarde de actividades de lecer que tiveron como tema principal as lendas do Monte Sagrado. Unhas sesións ás que tamén asistiu o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.



Manuel Fernández Munín co alumnado e profesorado do CRA Boqueixón-Vedra



Foto de familia con todos os gañadores e gañadoras dos premios do V Certame de Relato Curto 'Xosé Neira Vilas'

Entrega de premios do Certame de Relatos 'Xosé Neira Vilas'

O CPI Antonio Orza Couto de Boqueixón acolleu a entrega de premios do V Certame de Relatos *Xosé Neira Vilas*, incluída dentro da celebración da Semana das Letras Galegas neste centro. O alcalde, Manuel Fernández Munín, presidiu o acto co presidente da Fundación Xosé Neira Vilas, Luis Reimóndez, e polo director do CPI Antonio Orza Couto, Xosé Manuel Silva.

O V Certame de Relatos, organizado pola Biblioteca Municipal de Boqueixón,

en colaboración coa Fundación Xosé Neira Vilas e o CPI Antonio Orza Couto, repartiu 750 € en premios. Foron 66 os traballos presentados nas 3 categorías: escolares de 3º e 4º de EP; alumnado de 5º e 6º de EP, e estudantado de ESO.

A gañadora da primeira sección foi Fátima Liñares Rodríguez, polo seu relato *A miña amiga a Lúa*. No segundo posto quedou Arianne Ponte Regos por *Auga e Lume*, e no terceiro, Emma Rojas Aмосa por *A cidade dos libros*.

Candela Suárez Méndez gañou a segunda categoría pola súa obra *A eira de Laura*. O segundo premio foi para Xosé Raviña Valencia por *Un día adolescente*, e o terceiro, para Andrea Rosende Sánchez, por *Lugares de Boqueixón*.

A terceira categoría tivo como gañadora a María Crespo Cutrín, co relato titulado *De corazón*. A segunda foi Valentina Galdino di Yelsi por *Adolescentes*, e a terceira, Paula Agrelo Ribadeo, por *Letras amargas*.

Galeuropa abre o prazo de inscrición

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado convocou o programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa 2018. Esta iniciativa ten como principal obxectivo reforzar a empregabilidade de menores de 30 anos. As solicitudes cursaranse antes do 18 de xuño. Máis información na OMIX de Boqueixón ou na web en <http://xuventude.xunta.es/programas-eu/galeuropa>.

Máis libros para a Biblioteca Municipal

A Biblioteca Municipal de Boqueixón vén de recibir 3.000 € en subvencións da Consellería de Cultura para a merca de máis libros. Dende o centro animan á veciñanza a presentar as solicitudes daqueles títulos de publicacións que consideren de interese para poder incorporalos ao seu catálogo.

Unha sentida homenaxe a Antía Cal no Centro de Interpretación

O Centro de Interpretación do Pico Sacro xa loce un monólito na honra de Antía Cal Vázquez, tras a emotiva homenaxe realizada pola Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio. O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, presidiu este acto, no que estivo acompañado polo delegado da Xunta de Galicia na

Coruña, Ovidio Rodeiro; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e o presidente da agrupación cultural, Xosé M. Lobato.

Preto dun cento de persoas, entre familiares da homenaxeada, amigos e unha ampla representación dos eidos da cultura e da educación, participaron nesta celebración.



Descubremento do monólito na honra á Antía Cal no Centro de Interpretación

O Pico Sacro acolleu a saída da Carreira Camiño das Letras

Preto de 400 persoas, entre maiores e cativada, participaron na Carreira Camiño das Letras. Unha cita que tivo como punto de partida o Pico Sacro, onde se reuniron todos os participantes para gozar dunha xornada de cultura e deporte. A saída do percorrido foi presidida polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; o delegado da Xunta de Galicia na Coruña, Ovidio Rodeiro, e polo presidente da

Federación Galega de Atletismo, Isidoro Hornillos.

Os gañadores das categorías absolutas -cun percorrido de 15 quilómetros- foron Miguel Iglesias Amores, cun tempo de 59 minutos e 55 segundos, e Loreto Herrero Blanco, cun tempo de 1 hora, 12 minutos e 1 segundo. A entrega de galardóns aos vencedores das distintas categorías realizouse na Cidade da Cultura, punto de finalización da proba.



Andaina das Letras para toda a familia

Medio cento de persoas participaron na Andaina das Letras de Boqueixón. Organizada en colaboración coa Deputación da Coruña, a iniciativa conxugou natureza, deporte, fotografía e literatura. Durante o percorrido pola Ruta dos Pescadores realizouse unha xincana fotográfica que rematou cun gran xogo en familia.

Oferta de tres prazas para os campamentos deportivos 2018

A Deputación da Coruña vén de convocar tres prazas para o seu programa de Campamentos Deportivos 2018. Dirixido a menores de entre 9 e 14 cumpridos neste 2018 e empradoados no Concello, as actividades propostas desenvolveranse nas instalacións do Colexio

Calvo Sotelo de A Coruña entre os días 15 e 20 de xullo. O prezo das actividades é de 85 euros -inclúe tamén aloxamento e manutención-.

As solicitudes deberanse cursar no departamento de Deportes do Concello de Boqueixón antes do 15 de xuño.



Autoridades e gañadores e gañadoras das categorías absolutas da carreira

A Romería do San Cidre encheuse de orixinais carrozas

A parroquia de Oural viviu unha xornada de festa e moita creatividade co tradicional Desfile de Carrozas, celebrado dentro das Festas do San Cidre. Foron un total de seis as orixinais creacións elaboradas pola veciñanza desta parroquia e que se amosaron ante centos de asistentes por Camporrápado.



Algunhas das creacións elaboradas pola veciñanza e que participaron no 45 Desfile de Carrozas do San Cidre

AXENDA DO MES DE XUÑO

Sábado
2**Programa Goza do Ulla**

Capela San Paio-Codeso
10.00 horas
Actividade de balde
Percorrido pola Ruta dos Pescadores e do Río Grande.
Distancia: 9,6 quilómetros.
Dificultade: media-baixa.
Inscripcións antes do 1 de xuño.

Sábado
2**Proxección audiovisual 'Raíña Lupa'**

Ciclo Un mes e Pico
Capela do Pico Sacro
19.00 horas
Entrada de balde
Requerida inscrición previa.

Xoves
7**Ler conta moito: 'Abrabebé'**

EIM Raíña Lupa
10.30 horas
Actividade de dinamización á lectura para bebés (0 a 3 anos).

Venres
8**Clausura Actividades Deportivas**

Instalacións do Forte
15.30-21.00 horas
Exhibicións Escolas Deportivas municipais, APA e EF Boqueixón.
Master classes de zumba e pilates, inchables, festa da escuma e mostra manualidades.

Sábado
9**Conferencia de Rafael Quintía**

Ciclo Un mes e Pico
Capela do Pico Sacro
20.00 horas
Charla *O mito dos mouros e da Moura e a súa relación co Pico Sacro*. Inscrición previa.

Domingo
10**Gala Patinaxe Artística**

Pavillón de Lestedo
18.00 horas
Organiza Club Ágora.
Participan as Escolas Deportivas de Boqueixón e Vedra.

Venres
15**Festival fin de curso da EIM Raíña Lupa**

Casa da Cultura Camporrapado
16.30 horas

Sábado
16**Ruta do Colesterol. Andaina en Boqueixón**

Casa da Cultura Camporrapado
08.15 horas

Percorrido de 50 kms., con punto de saída e de chegada en Camporrapado. Proba valedeira para o Campionato Galego de Andainas. Info e inscricións en www.rutadocolesterol.com.

Sábado
16**Coñece Galicia: Arde Lucus (Lugo)**

Custo: 20 €
Inscripcións ata cubrir prazas.

Sábado
16**Taller de observación de estrelas**

Ciclo Un mes e Pico
Pico Sacro
23.00 horas
Sesión dentro do programa **TODOCOSMOS**.
Requírese inscrición previa.

Domingo
17**Cerimonia do Lume Sagrado**

Ciclo Un mes e Pico
Pico Sacro
13.00 horas
Representación simbólica da cerimonia celta na que se obtén o lume directamente do sol.
Requerida inscrición previa.

Venres
22**Verán Activo**

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Comezo do programa de conciliación, que se desenvolverá os días 22, 25, 26, 27, 28 e 29 e tamén en xullo e agosto. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Venres
22**Festival da Ocioteca**

Casa da Cultura Camporrapado
19.00 horas

Venres
22**Ofrenda do Lume Sagrado en Santiago**

Ciclo Un mes e Pico
Saída da Alameda de Santiago
22.00 horas
A Raíña celta Alda e a súa comitiva ofrecen en Santiago o Lume Sagrado do Pico Sacro. Percorrerá o casco histórico e rematará na Praza de Mazarelos.

Sábado
23**Entrega do Lume Sagrado**

Ciclo Un mes e Pico
Capela do Pico Sacro
18.00 horas

Mércores
27**Charla 'A realidade da ELA en Boqueixón'**

Casa do Concello
19.00 horas
Entrada de balde
Sesión informativa sobre a Esclerose Lateral Amiotrófica.

Xoves
28**Falamos de... 'Uso axeitado dos medicamentos'**

Casa da Cultura Camporrapado
17.00 horas
Entrada de balde
Charla informativa.
Requírese inscrición previa.

Venres
29**Conferencia Xosé Manuel Lobato**

Ciclo Un mes e Pico
Capela do Pico Sacro
20.00 horas
Entrada de balde
Charla *De mouros, oestrinios, romanos e outros*. Rematará a sesión cun recital de piano a cargo de Sofía Silva.

Sábado
30**Descenso do Ulla en piraguas**

Illas de Gres
11.00 horas
Prezo: 20 € (inclúe piragua e seguro do participante)
Percorrido de 12 kms. entre as Illas de Gres e Agronovo.
Inscripcións ata 25 de xuño.
Prazas limitadas.

e en xullo...Martes
17**Coñece Galicia: Pontevedra, Poio e Combarro**

Prezo: 25 euros
Mañá: visita guiada Pontevedra.
Tarde: visita monasterio de Poio e Combarro.
Inscripcións ata cubrir prazas.

Xoves
19**Aquapark de Cerceda**

Menores 4 anos, de balde (acompañados por un adulto)
7 € (menores de 5 a 12)
10 € (máis de 12)
Inscripcións ata cubrir prazas.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com